



Contrato de obras  
Procedemento aberto simplificado  
Tramitación ordinaria

Documento	Expediente	Data Creación:
CON12I1VX	CON/63/2018	25-10-18 11:23

## **INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN**

Visto o expediente denominado "**Proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas"**", quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 13 da Lei de contratos do sector público (en adiante LCSP), nos atopamos ante un suposto de contrato de obras, de carácter administrativo segundo o disposto no artigo 25.1.a da LCSP, e tramitarse por procedemento aberto simplificado, regulado no artigo 159 da LCSP seguindo os requisitos relativos á publicidade da licitación que establece o artigo 135 da LCSP.

En canto ás actuacións preparatorias e ás normas específicas que regulan o contrato de obras estarase ó disposto nos artigos 229 a 244 da LCSP.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido na LCSP na medida na que se define o obxecto do contrato e a súa codificación na nomenclatura CPV, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato (art. 28 LCSP), e o réxime xurídico deste, a duración concreta do mesmo e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Indícanse, así mesmo, os criterios de adxudicación e de avaliación das ofertas coa súa ponderación, consonte ó establecido no artigo 145 da LCSP.

Analizado, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, éste cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos pola LCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adxudicación do contrato.

O expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018.

**O XEFE DE SECCIÓN,  
Román Otero Ferreiro**

**Conforme, o director da Asesoría Xurídica,  
Xoaquín Enrique Monteagudo Romero**

Firmado por ROMÁN OTERO  
FERREIRO - 33281132V  
Fecha: 25/10/2018 11:43:09 CEST

MONTEAGUDO ROMERO  
XOAQUIN ENRIQUE - 33216418W

Firmado digitalmente por MONTEAGUDO ROMERO XOAQUIN ENRIQUE - 33216418W  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=ES, serialNumber=IDCES-33216418W, givenName=XOAQUIN ENRIQUE, sn=MONTEAGUDO ROMERO, cn=MONTEAGUDO ROMERO XOAQUIN ENRIQUE - 33216418W  
Fecha: 2018.10.25 13:37:48 +02'00'